



*Nº1: Capela Igrexa de San Salvador*

**JUÁN ANDRÉS HERVELLA**

Técnico de Turismo no Concello de Ourense. Colaborador do xornal *La Región* de Ourense acadou polos seus traballos xornalísticos o premio “Xosé Aurelio Carracedo” na edición escrita do ano 2001.

# AS DIVERSAS PEDRAS ARMEIRAS EXISTENTES NA MEDIEVAL VILA DE VILANOVA DAS INFANTAS DO CONCELLO DE CELANOVA



Juán Andrés Hervella

A heráldica é un código de regras que permite describir os diversos escudos de armas. É a arte do estudio descritivo do brasón.

Os escudos de armas, que xa se representaban durante o século XII, tiñan por obxecto fundamental diferenciar os diversos combatentes na guerra ou nos propios lances e torneos medievais.

O insigne historiador e hispanista **Menéndez Pidal de Navascues**, no seu interesante traballo: *“Los comienzos de la heráldica en España”* considera, ca rigorosidade que caracteriza os seus traballos, un dos primeiros monumentos heráldicos máis sobresáintes, o retrato ecuestre do rei de León, Fernando II (1157-1188) que aparece no Tumbo A da catedral de Santiago. Nel represéntase a figura do rei abrazado a un escudo de ouro decorado cun león rapante, sen cor.

Por outra banda hai que destacar que a difusión dos selos non foi de uso exclusivo militar, así utilizárono nun primeiro momento as mulleres; no século XIII os clérigos, burgueses e artesáns, e xa no XIV incluso polas abadías e campesiños. Nembargantes, a súa procedencia fundamental ven dende os tempos do seu emprego como insignia das forzas guerreiras ou como símbolo distintivo nas campañas militares.

No transcorrer dos séculos o traxe de combate evolucionou; así a armadura medieval chegou a cubrir enteiramente ó combatente, dende a cabeza ós pés rematando nun casco ou helmo que ocultaba por completo a faciana, facendo deste xeito moi difícil a identificación dos contendentes. Por mor desta circunstancia xurdiu a necesidade de recoñecelos dalgún xeito, e isto acadouse mediante certos sinais ou debuxos pintados sobre o seu escudo ou ben nos propios arreos das súas cabalgaduras.



Nº 2: Sepulcro lado Epístola

elementos distintivos que, sen acadar a propia categoría de heráldicos, se forman parte da propia ornamentación exterior, sendo estes: as *divisas*, *lemas* ou *berros de guerra*.

A partires do século XVII e XVIII o número de figuras con que poden contar o escudo aumenta o que implica o seu parcelamento e diversa distribución aparecendo, deste xeito, múltiples particións xeométricas, *cruz*, *sotuer*, *cortinado*, *sinistrado*, *flechado*, *adentado*, etc. ademais daqueloutras simbólicas referentes ós oficios e gremios existentes na época.

Entre os séculos XIII e XIV o uso do emblema nobiliario adquiriu a condición de carácter hereditario empregándose como arma distintiva propia por xentes de diferentes condicións sociais como o mostran os seus diversos significados simbólicos representados no mesmo.

Deste xeito a heráldica conqueiriu a categoría de rama do saber e, consecuentemente a súa representación fundamentouse nunha serie de normas ou regras específicas que, con poucas variacións, séguense a utilizar na actualidade polos heraldistas.


As persoas de alto liñaxe distinguíanse polos símbolos da súa condición; así unha coroa real ou marquesal por riba do escudo indicaba a posición social do persoeiro; un helmo a distinción da súa liñaxe; ademais, en moitos casos, o escudo acompañábanse doutros símbolos ou timbres que conxuntados forman o elemento ornamental que rodeaba o escudo; así poden aparecer: *helmos*, *cimeiras*, *coroas*, *capelos eclesiásticos*, *cintas*, *follas*, *plumas* e *penachos*, contando ademais doutros que lle engadiron posteriormente no século XVII, como complementos heráldicos. Existen algúns outros

Nº 3: Sepulcro lado Epístola





Nº 4: Praza Víctor Ferro




Nº 5: Praza Víctor Ferro

Por outra banda as figuras poden ser naturais, quiméricas ou artificiais. Ás primeiras corresponden ós astros, seres humanos, animais e vexetais. Dentro dos animais o máis representado soe ser o león; nas aves a aguiá explaiada, e nos peixes, o golfiños mailos barbos e, no caso da cidade de Ourense, aparecen as lampreas e troitas.

As principais dentro das naturais tomadas do reino vexetal son as flores, árbores mailos seus froitos. As artificiais son abundantísimas pertencendo maiormente á simboloxía da guerra, así aparecen mesturados: *torres, castelos, espadas, lanzas e yelmos*, namentres cas quiméricas son derivacións da mitoloxía.

Por último non debemos de esquecer a enorme importancia das peregrinacións a Santiago de Compostela que, sen dúbida, contribuíron a estender enormemente o uso das *veneras* dentro da simboloxía do brasón.

Nº 6: Praza Víctor Ferro





## LABRAS HERÁLDICAS DE “VILANOVA DAS INFANTAS”

“Vilanueva da Condessa” ou “Vilanova das Infantas” é unha pintoresca e agradable vila medieval, situada a un quilómetro de Celanova.

Emprazada sobre un antigo castro, domina o extenso val de Bobadela asemade do seu circuito de montañas, namentres que o seu poñente o sol, nun derradeiro adeus, ocúltase tralo triangular pináculo da cercán citania de Castromao.

A pequena vila agrúpase en torno á torre da home-naxe, resto da antiga fortaleza medieval pertencente ó Conde de Monterrei, por herdade dos Biedna que, xa mediado o século XV, figuraba como “*Torre y Palacios del Conde de Monterrei*” sendo posteriormente asolada pola revolta Irmandiña no ano 1467.

Terra fidalga pertencente ó pai de San Rosendo, o nobre conde Gutiérrez Méndez, contou con concello propio, asentado na torre do seu castelo, ata que no ano 1927, pasou a súa titularidade ó Concello de Celanova.

Hoxe, do seu pasado esplendo, son mudas testemuñas seus enterramentos así como as numerosas labras heráldicas que, en número de 11, atópanse espalladas e asentadas nos muros das súas casas fidalgas.

A primeira delas, a situada na fachada norte da igrexa de San Salvador, repítese no chan da capela fundada no ano 1614, sobre os sepulcros de Cristóbal y Bartolomé Araújo e o Lcdo. Juan Araujo Feijó. Nela tiñan os seus soterramentos os membros da devandita familia segundo o testemuña a inscrición que alí figura,

*“Este enterramiento es de la casa y solar y Mayorazgo de los Leones de Araujo señores de la Capilla”*

Súas armas son un escudo partido figurando no lado destro un *carballo e un león empinado ó seu tronco*, que é a simboloxía dos Montojo; no sinistro, as armas dos Araujo, consistentes nunha *torre almenara con tres flores de Lis*; representando ós seus pés un *falcón cunha perdiz entre as súas garras*.

Os escudos 2 e 3, se corresponden cas laudas sepulcrais existentes sobre o propio chan da capela maior, no lado da Epístola, e nelas se representan as insignias heráldicas dos Enríquez e Feijó respectivamente.

Na praza principal da vila, nomeada de Víctor Ferro conviven, en perfectamente harmonía, casas típicamente rurais mesturadas con outras de marcada arquitectura barroca que evidencian o seu pasado carácter fidalgo referendado polo seus brasóns; así na nº 4, existente nunha fachada, figura unha pedra armeira que representa, no primeiro cuartel, as armas dos Enríquez entroncados cos Sotelo, sendo o seu distintivo *unha árbore e dous lobos ou cabras empinadas ó tronco*, e a dos Puga simbolizado, neste caso, *polas espullas*.

A nº 5 pertence a un dos escudos máis repetidos de Galicia, os Castros. Súas armas son: *seis roeles de azul postos, dous, dous e dous*.


No nº 6 represéntanse diferentes compoñentes armeiros; así nunha amalgama, de difícil interpretación, aparecen mesturados entre outras as simboloxías dos Losada e Feijó.

Preto da torre existe unha “casa grande”, que serviu

Nº 7: Antigo Hospital



Nº8: Torre Castela



noutra época como hospital. Baixo un pequeno pórtico consérvase unha interesante e antiga pedra armeira onde aparece outra variante das armas dos Enríquez e os Feijó, ademais doutras de carácter mariano.

Na torre da homenaxe luce a simboloxía dos Biedna e maila a dos seus últimos propietarios os Condes de Monterrei.

Por último, xa na saída do pobo cara a Celanova, atópase a derradeira pedra armeira constituída por unha variante máis dos Feijó e dos Araujo, en mal estado de conservación.

Cercano ó coñecido Santuario da Virxe do Cristal existe, aínda que moi modificada, a casa solariega dos Rivas; nela existiron dúas pedras armeiras decoradas cos brasóns dos seus propietarios. Desgraciadamente, na actualidade, delas só queda o seu asentamento na parede da fachada.



Nº 9